

PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 2º ESO:

Cando o alumnado promociione a cursos superiores coa materia de 2ºESO pendente, o plan de reforzo para a recuperación comporase de:

- a) Dous exames parciais, un en xaneiro e outro en abril. Cada un deles terá un peso do 50%, xa que a materia do curso anterior repartirase entre os dous, de xeito equitativo.
- b) Entrega unha listaxe de exercicios e problemas que se dará en persoa. Estes exercicios sumarán ata un máximo dun punto á nota do exame parcial. Ademais servirán para orientar ao alumnado do que debe estudar para cada exame. Os boletíns de exercicios e os contidos que entran en cada parcial colgaranse na aula virtual, cun mínimo dun mes de antelación á data do exame. Esta colección de exercicios entregárase resolta ao profesorado como moi tarde o día lectivo anterior á data do exame.

Opcións para dar a materia pendente por aprobada:

- Aprobar a 1ª e a 2ª avaliación das matemáticas que se está a cursar.
- Ter unha nota de 5 nas dúas probas, tendo en conta, a suma dun punto como máximo, á nota do exame pola entrega do boletín de exercicios ben feitos.
- No caso de non superar as dúas partes, ou unha delas, en maio haberá unha nova oportunidade de recuperar a materia, ben cun exame global en caso de non ter superada ningunha das partes, ben cun exame da parte non superada nos parciais. Para recuperar a materia deberá ter unha nota de 5 ou máis no exame sen contar os puntos pola entrega dos boletíns de exercicios.
- No caso de non recuperar a materia pendente en maio e aprobar as matemáticas que se están a cursar, na avaliación final, considerarase superada a materia pendente.

PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 2º ESO:

DATA DO PRIMEIRO EXAME: 12 de Xaneiro de 2026

Data límite da entrega do boletín de exercicios feito: 9 de Xaneiro de 2026

CONTIDOS que entran na primeira proba:

- Números naturais. Operacións combinadas.
- Múltiplos e divisores.
- Máximo común divisor e mínimo común múltiplo. Problemas.
- Números enteiros. Operacións combinadas.
- Potencias. Propiedades das potencias. Potencias de expoñente negativo.
- Raíces. Cálculo de raíces sinxelas.
- Números decimais. Operacións combinadas con números decimais. Problemas.
- Cálculo da fracción xeneratriz.
- Fraccións. Operacións combinadas. Problemas.
- Proporcionalidade directa, inversa e composta. Problemas.
- Porcentaxes. Problemas.
- Operacións con polinomios: suma, resta e multiplicación.
- Factor común.
- Identidades notables.
- Descomposición dun polinomio en factores.

PLAN DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 2º ESO:

DATA DO SEGUNDO EXAME: 13 de Abril de 2026

Data límite da entrega do boletín de exercicios feito: 10 de Abril de 2026

CONTIDOS que entran na segunda proba:

- Ecuacións de primeiro grao.
- Ecuacións de segundo grao.
- Problemas de plantexamento de ecuacións de primeiro ou segundo grao.
- Sistemas de ecuacións. Resolución polos métodos de substitución, igualación e redución.
- Problemas de plantexamento de sistemas de ecuacións.
- Teorema de Pitágoras.
- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.
- Semellanza de triángulos.
- Teorema de Tales.
- Cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos.
- Interpretación gráfica dunha función.
- Representación gráfica dunha recta.
- Determinación da ecuación dunha recta dada a súa representación.
- Encontrar a expresión analítica dunha función que representa unha situación cotiá.